

## A CIG traslada á Xunta a proposta de ampliación do permiso de paternidade até 22 semanas

*A ampliación do permiso de paternidade até equiparalo no 2021 co permiso de maternidade é xa unha realidade que comezará a aplicarse en xaneiro do 2019 no ámbito da Administración Xeral do Estado tras un acordo entre o Ministerio de Política Territorial e Función Pública e as organizacións sindicais con representación na Mesa Xeral, incluída a CIG.*

No marco das negociacións para a modificación da Lei 2/2015 de Emprego Público de Galiza, a CIG trasladou toda unha batería de medidas para mellorar as condicións de conciliación familiar de todo o persoal da Xunta, desde o docente ao sanitario pasando polo da administración xeral. Entres estas propostas estaba o incremento dos permisos de paternidade e maternidade até conseguir que cada un deles acade, con carácter intransferíbel, os 12 meses de duración.

Somos conscientes de que esta é unha medida que require de prazos para a súa consecución e xa nos últimos anos instamos á administración galega a dar pasos nesa dirección. Para o ano 2019 a Xunta xa avanzou a súa intención de incrementar o permiso de maternidade até as 22 semanas, mais deixou inicialmente sen tocar o incremento do permiso para a outra persoa proxenitora, á espera de como rematasen as negociacións abertas en Madrid.

### **Acordo en Madrid: 16 semanas de permiso de paternidade no 2021.**

No ámbito do Estado asinou un acordo o pasado 29 de outubro centrado no permiso de paternidade. Este acordo implica o incremento paulatino até acadar as 16 semanas no 2021, o que supón a mesma duración que o permiso de maternidade, que nese ámbito non tivo melloras, como aconteceu en Galiza nestes últimos anos, onde foi aumentando de 2 en 2 semanas até chegar ás 22 a partir de xaneiro de 2019.

|             |                   |
|-------------|-------------------|
| <b>2019</b> | <b>8 semanas</b>  |
| <b>2020</b> | <b>12 semanas</b> |
| <b>2021</b> | <b>16 semanas</b> |



Ese acordo foi subscrito por catro das organizacións sindicais con representación na Mesa Xeral da AXE (Administración Xeral do Estado), entre as que se encontra a CIG, e estas son as novidades (actualmente o permiso de paternidade é de 5 semanas).

O criterio dun permiso intransferíbel vén sendo defendido desde hai anos pola CIG, como mellor camiño cara o fomento da co-responsabilidade no coidado das nosas crianzas entre ambas persoas proxenitoras. O feito de que a maior parte do permiso non vaia ser simultáneo incide precisamente nesta vía de romper con roles perpetuados polo patriarcado que son claramente discriminatorios coas mulleres. Desde a CIG tamén instaremos a que desde a Xunta se fagan os cambios oportunos na normativa actual para asegurar que o permiso de maternidade sexa igualmente intransferíbel.

## A CIG demanda un paso adiante da Xunta de Galiza, aprobando as 22 semanas para 2021, e pactar un plan plurianual de incrementos até acadar os 12 meses para cada permiso.

Tendo en conta o obxectivo final fixado pola CIG (12 meses intransferíbeis para cada permiso) e os propios pasos dados pola Xunta nestes últimos anos no aumento da duración do permiso de maternidade, a CIG trasladoulle a Función Pública que o incremento do permiso de paternidade para o persoal da Xunta se acompase co propio permiso de parto, elevando a un mínimo de 22 semanas

o permiso de paternidade no 2021, e sempre adaptándose ás posibles ampliacións do permiso de maternidade.

A CIG trasladoulle a Función Pública a necesidade de acadar un pacto plurianual para aumentar ambos permisos e emprazou á Xunta a incorporar os cambios na Lei 2/2015 para conseguir a súa efectividade desde o 1 de xaneiro de 2019. Debido ao avanzado dos prazos de negociación da Lei, sen que a administración galega atendera as demandas iniciais da CIG e tendo xa superado o trámite parlamentar, desde o sindicato instamos ao goberno galego a que, de non se poder incorporar na reforma da Lei, se arbitren as medidas legais necesarias para que todo o persoal da Xunta poida ver aumentado o permiso de paternidade no sentido das nosas demandas xa a partir de xaneiro de 2019.



Eleccións Sindicais 2018  
#4decembro

**Gañarmos o FUTURO**  
Ensino público galego  
Profesorado con dereitos



### OS NOSOS LOCAIS

**SANTIAGO** (Local Nacional)  
Rúa Miguel Ferro Caaveiro 10  
15706 Santiago de Compostela  
☎ 981 57 68 00 / Fax 981 575 839  
[santiago@cig-ensino.gal](mailto:santiago@cig-ensino.gal)

**A CORUÑA**  
Rúa Alfonso Molina s/n  
15007 A Coruña  
☎ 981 169 810 / Fax 981 291 735  
[acorunha@cig-ensino.gal](mailto:acorunha@cig-ensino.gal)

**BAIXO MIÑO**  
Praza da Guía 3, Baixo  
36780 A Guarda  
☎ 986 610 465 / Fax 986 610 465  
[baixomiño@cig-ensino.gal](mailto:baixomiño@cig-ensino.gal)

**MORRAZO**  
Rúa Atranco 19a, Entrechán 1  
36947 Cangas  
☎ 986 302 987 / Fax 986 302 987  
[morrazo@cig-ensino.gal](mailto:morrazo@cig-ensino.gal)

**FERROL**  
Rúa Eduardo Pondal 41-43  
15403 Ferrol  
☎ 981 358 750 / Fax 981 358 760  
[ferrol@cig-ensino.gal](mailto:ferrol@cig-ensino.gal)

**LUGO**  
Ronda da Muralla 58, Baixo  
27003 Lugo  
☎ 982 245 023 / Fax 982 2453 891  
[lugo@cig-ensino.gal](mailto:lugo@cig-ensino.gal)

**OURENSE**  
Parque de San Lázaro 12, 4º  
32003 Ourense  
☎ 988 238 350 / Fax 988 222 855  
[ourense@cig-ensino.gal](mailto:ourense@cig-ensino.gal)

**PONTEVEDRA**  
Rúa Pasantería 1, 2º Esquerda  
36002 Pontevedra  
☎ 986 861 513 / Fax 986 855 050  
[pontevedra@cig-ensino.gal](mailto:pontevedra@cig-ensino.gal)

**A MARIÑA**  
Avenida de Galicia 20, 1º  
27700 Ribadeo  
☎ 982 129 593 / Fax 982 129 593  
[amarinha@cig-ensino.gal](mailto:amarinha@cig-ensino.gal)

**VAL DE MONTERREI**  
Rúa Pedro González 5, 1º  
32600 Verín  
☎ 988 412 345 / Fax 986 411 013  
[verin@cig-ensino.gal](mailto:verin@cig-ensino.gal)

**VIGO**  
Rúa Gregorio Espino 47, Baixo  
36205 Vigo  
☎ 986 827 935 / Fax 986 262 844  
[vigo@cig-ensino.gal](mailto:vigo@cig-ensino.gal)

**SALNÉS**  
Rúa Alexandre Bóveda 2, 2º  
36600 Vilagarcía  
☎ 986 505 323 / Fax 986 505 323  
[salnes@cig-ensino.gal](mailto:salnes@cig-ensino.gal)